


AGORA

Verdadeiramente, a cidade medrou moito desde que a deixara. Hai novas barriadas, novas fábricas, novas igrexas. Hai tranvía e automóbiles. O murallón estendeuse máis. Se quero ver o mar desde a súa orela, xa non podo dispor senón dun oco, un só peirao. Hai moitos cines. Xa non hai ingleses. Xa non hai capela evanxélica. Os días de festa xa non escintilan os deslumbrantes uniformes. Oficiais e soldados visten agora doutro xeito, máis sinxelo, máis esvaído. Choeuse o cemiterio vello, no alto da cidade. A nova necrópole está lonxe, e hai que tomar o autobús se se quere visitar, como non se dispoña de vehículo propio.

RICARDO CARVALHO CALERO



AGORA

1.- Escribe preguntas relacionadas co texto para estas respostas. Lembra que en galego a interrogación vai só ao final.

1

- A cidade.

2

- O murallón.

3

- En autobús.

4

- Doutro xeito, máis sinxelo, máis esvaído.

2.- Na cidade que describe Ricardo Carvalho Calero podo moverme en tranvía ou en automóbil. De que outros medios de transporte dispós na túa localidade para poder desprazarte?

3.- Da relación de medios de transporte do texto, cales pensas que son menos contaminantes?

4. Se estiveches atento á lectura non che será difícil completar estas oracións.

vehículo ingleses autobús fábricas necrópole cines capela barriadas igrexas
--

Hai novas _____, novas _____, novas _____.

Hai moitos _____. Xa non hai _____. Xa non hai _____evanxélica.

A nova _____está lonxe, e hai que tomar o _____se se quere visitar, como non se dispoña de _____propio.

5.- Agora que estamos vendo tanta xente desprazándose en patinete, por onde cres que deberían circular, pola rúa ou pola beirarrúa? Por que?

6.- Ricardo Carvalho, o autor do texto, describe algúns cambios que sufriu a súa cidade. Fai unha descrición do lugar no que ti vives (nome, situación, tamaño, cousas que hai ou non hai, cousas que che gustaría que houbese ou non houbese...).
